



## ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2023/2024

A admisión do alumnado neste Centro para o curso 2023/2024 axustarase á lexislación e proceso que se indican:

### 1.- NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN

- *Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *Orde do 21 de outubro de 2022 polo que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

### 2.- OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES.

Cursos de Educación Infantil		Cursos de Educación Primaria	
Postos dispoñibles	(1)	Postos dispoñibles	(1)
Cuarto (3 anos).....44	06	Primeiro ..... 04	09
Quinto (4 anos)..... 07	00	Segundo ..... 00	00
Sexto (5 anos)..... 08	00	Terceiro .....17	00
		Cuarto .....17	00
		Quinto .....19	00
		Sexto.....11	00

(1) Prazas reservadas para posible escolarización pola Comisión de Escolarización de alumnado con necesidade educativa de apoio educativo.



### **3.- ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO**

A área de influencia do Centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio é a que figura no plano exposto neste taboleiro de anuncios. Aos efectos de continuidade dos estudos de Educación Secundaria Obrigatoria o centro está adscrito aos IES Maruxa Mallo e IES Ordes.

### **4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes de admisión, que se axearán ao modelo oficial, poderanse recoller en secretaría, descargar na páxina web da Consellería ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)) e tamén na páxina web do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcastelaoordes/>).

Poderán ser presentadas na Secretaría do Centro en calquera dos días lectivos do 1 ao 20 de marzo de 2023 (ambos inclusive) en horario de 9.15 a 11.15 horas e de 12.30 a 13.45 horas. Tamén poden ser presentadas na Sede electrónica nos mesmos días.

As solicitudes presentadas fóra destas datas, serán consideradas fóra de prazo.

### **5.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO.**

- ✓ Antes do 25 de abril de 2023: Publicación da relación provisional de admitidos e non admitidos. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do Centro no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte día sa súa publicación.
- ✓ O 15 de maio de 2023: Publicación da relación definitiva de admitidos de non admitidos. Contra esta relación poderán formular reclamación ante a persoa titular da Xefatura Territorial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

### **6.- PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA**

O alumnado admitido no Centro formalizará a súa matrícula na Secretaría do centro do 20 ao 30 de xuño segundo o modelo normalizado. Se finalizado o prazo da matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.



## 7.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.

O Centro conta cos servizos complementarios seguintes:

- **Transporte escolar:** instrución 1/2022 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación.
- **Comedor escolar:** Instrución 2/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa.

## **OBSERVACIÓNS IMPORTANTES**

. A solicitude será única e vinculante. Poderá conter ata seis centros, por orde de preferencia e presentarse no centro indicado en primeiro lugar.

. O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta a solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

Darán lugar á perda do dereito de prioridade:

- . A presentación da solicitude fóra de prazo.
- . A presentación de máis dunha solicitude.
- . As solicitudes que conteñan datos que non se axusten ás circunstancias reais do alumno/a.
- . As solicitudes que estean acompañadas por documentación que reflicta datos que non se axusten ás circunstancias reais.

Ordes, 24 de febreiro de 2023

Vº e Prace

A Directora

Asdo.- Mª Begoña Grela Veiras

A Secretaria

Asdo.- Patricia López Regueiro